

## COLABORACIÓN COA CONTORNA

*Coordinador/a:* **Jorge Marcos Acevedo**

*Participantes:* **Francisco Javier Sánchez Real**  
**Rafael Verdugo Matés**

### Liñas de actuacións

---

As persoas que integramos este grupo de traballo levamos anos desenvolvendo actividades de colaboración coa contorna (empresas e institucións) para a formación do alumnado das escolas de enxeñaría da Universidade de Vigo. Concretamente a actividade iniciouse no curso 1998-99 coa materia Fiabilidade dos sistemas electrónicos do plan antigo, e coa materia Enxeñaría de equipos electrónicos que se iniciou no curso 2012-13 do plan novo. Ambas materias pertencen á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. Ao longo destes anos participaron nesta actividade 284 alumnos/as. Esta actividade é de carácter voluntaria para o alumnado. Os resultados son plenamente satisfactorios, como se amosou no desenvolvemento do Proxecto de innovación educativa da Universidade de Vigo. Nesta iniciativa colaboraron máis de 15 empresas aínda que case o 90% do alumnado fixo o seu traballo enfocado á empresa PSA (Peugeot-Citröen).

Desde o curso 2013-14 implantouse a materia Tecnoloxía Electrónica que se imparte a especialidade de Eficiencia Enerxética da Escola de Enxeñaría de Minas e na que participaron 60 alumnos/as en colaboración con máis de seis empresas. Tamén implantouse a materia do Mestrado de Enxeñaría Industrial Deseño Avanzado de Sistemas Electrónicos Industriais e na que participaron catro alumnos/as, en colaboración coa empresa PSA (Peugeot-Citröen).

Ademais desde o curso 2010-11 ata a actualidade o alumnado da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e das materias antes mencionadas colaboran, nun traballo interdisciplinar, co alumnado da Facultade de Filoloxía e Tradución e AENOR (*Asociación Española de Normalización y Certificación*), para a realización de traballos relacionados coa tradución e revisión de normas técnicas relacionadas cos contidos das materias cuxas versións orixinais están publicadas en inglés e francés. Esta actividade implantouse na materia do Mestrado de Enxeñaría Industrial Deseño Avanzado de Sistemas Electrónicos Industriais o curso 2014-15. Ata a actualidade participaron nesta actividade 107 alumnos/as de telecomunicación, 77 de tradución e 4 de industriais.

A creación deste grupo de investigación está xustificada polo interese de promocionar esta actividade dentro da Universidade de Vigo para máis centros e máis materias, a partir da experiencia acumulada polo equipo de traballo. Ademais faise necesario xestionar e avaliar a actividade desenvolvida, tanto de forma grupal como individual, así como a aprendizaxe de cada persoa participante do grupo.

## Obxectivos

---

A necesidade de avaliar a actividade individual do alumnado dentro do grupo de traballo fai necesaria a participación do profesorado e dos demais membros do equipo. Para isto estase levando a cabo e desenvolvendo para cursos posteriores, actividades de organización interna dos grupos de alumnado, así como procedementos de avaliación da aprendizaxe e autoavaliación do traballo desenvolvido dentro do grupo, por cada estudante, e de forma individual.

O obxectivo xeral é a implicación da contorna na formación do alumnado da Universidade de Vigo e acadar a máxima eficiencia na utilización dos recursos que se poñen a disposición do alumnado para optimizar o súa aprendizaxe.

O obxectivo xeral divídese nos seguintes obxectivos parciais:

- Desenvolver novas metodoloxías docentes, desenvolvidas por este equipo nos últimos anos, coherentes co EEES, que xa se están empregando para que poida servir de base a máis materias da Universidade de Vigo.
- Mellorar o procedemento de actuación para ter en conta a aprendizaxe individual do alumno/a que traballa en grupo, así como a avaliación del dentro do grupo.
- Avaliar o efecto desta actividade sobre a empregabilidade do alumnado.
- Dar publicidade á actividade e abrir o espectro de traballo a outras empresas da contorna e institucións e a outras materias da universidade.
- Abrir o espectro de traballo a outros departamentos de outros centros para acadar equipos multidisciplinares.
- Desenvolver publicacións que dean a coñecer esta actividade.
- Proponer e levar a cabo proxectos de investigación neste campo.

Tamén se debe ter en conta que algúns destes obxectivos se poden ver lixeiramente modificados en función da evolución do traballo do grupo e dos resultados obtidos.

## Plan de traballo

---

Para conseguir os obxectivos indicados no apartado anterior preténdese levar a cabo un conxunto de actividades que permitan optimizar os recursos que se poñen a disposición do alumnado, así como optimizar a súa aprendizaxe.

As actividades previstas son as seguintes:

- Optimización das metodoloxías empregadas ata agora para a súa implantación de forma eficaz en calquera materia.
- Desenvolvemento de procedementos de avaliación, por parte do profesorado, da actividade grupal levada a cabo polo alumnado.
- Desenvolver procedementos de avaliación, por parte do profesorado, da actividade individual do/a estudante dentro do grupo de traballo.

- Desenvolvemento de procedementos de autoavaliación, por parte do resto de estudantes do grupo, da actividade individual do alumno/a dentro do grupo de traballo.
- Desenvolvemento de procedementos de avaliación sistemática, por parte do profesorado, da aprendizaxe do alumnado así como da cualificación obxectiva del.
- Posta en práctica de procedementos desenvolvidos.
- Dar a coñecer na Universidade de Vigo a actividade levada a cabo por este grupo de traballo.
- Presentar relatorios en congresos relacionados co tema.
- Desenvolver unha proposta de proxecto de investigación interdisciplinar con outros departamentos universitarios e incluso con outras universidades.